




Area / Unidade RR.HH PE0000 SLR	Documento 10817108SU	
Código de verificación  1J3E 5S1I 146K 5J4U 0JL0	Expediente 108/2022/1305	
	Data 14-08-2023	

Servizo de Recursos Humanos

## ANUNCIO

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana, por delegación da Xunta de Goberno Local, con data do 16/08/2023, resolveu:

**Primeiro.-** Deixar sen efecto a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a superior de informática (grupo B) aprobada por Resolución do 30/07/2021 do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

En aplicación da previsión establecida no artigo 2.6 da Instrución 4/17 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, en caso de esgotarse a listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de técnico/a superior de informática (grupo B) por non existir persoas integrantes da mesma dispoñibles para o seu nomeamento, poderase utilizar a dita lista de agarda anterior, aprobada mediante resolución do 30/07/2021, previa audiencia da Comisión de seguimento das listaxes de agarda.

**Segundo.-** Aprobar a listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a superior de informática (grupo B), nos distintos supostos regulados no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior do 28/12/2021 (BOP núm. 249 do 31/12/2021) nos seguintes termos:

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	NOTA 1º EX.	NOTA 2º EX.	PUNTUACIÓN FINAL
1	BLANCO JORGE , XENXO GONZALO	***5150**	30,70	42,500	73,200
2	VILA BLANCO, JUAN FRANCISCO	***0629**	27,20	45,000	72,200
3	ESPIDO NOYA , PABLO	***0644**	30,60	39,125	69,725
4	VARELA GARRIDO, DAVID	***6516**	27,50	41,500	69,000
5	PITA BLANCO , JUAN	***0035**	26,30	40,250	66,550
6	FOJO DOPICO , ROBERTO	***7608**	28,20	----	28,200
7	VARELA PIÑEIRO , ADRIÁN	***8659**	27,70	----	27,700
8	MARTÍNEZ SUÁREZ , ANTONIO	***0515**	26,80	----	26,800

**Terceiro.-** A devandita listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

**Cuarto.-** Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

**Quinto.-** De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O coordinador xeral da Área de Economía e Planificación Urbana

Manuel Ángel Jove Losada